



## **EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN Nº 11/2023 (electrónico 6628/2023):**

**“OBRAS MIRADOR DA PEIXEIRA E CONEXIÓN CO CAMPO DE SAN ROQUE (PORTONOVO) – ACTUACIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA PON20230 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

EXPTE DA SUBVENCIÓN: 3044/2023

EXPEDIENTE DA DEPUTACIÓN; 2023030688

### **ASUNTO: INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Esta alcaldía o 28 de agosto de 2023, dando cumprimento ao disposto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) asina a memoria xustificativa de necesidade e idoneidade deste contrato, que a continuación se transcribe:

#### ***“ASUNTO: MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO***

*O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.*

*O Concello de Sanxenxo, ao abeiro deste Programa, presentou solicitude para o investimento denominado “Mirador da Peixeira e conexión co Campo de San Roque (Portonovo)”, servindo de base o proxecto básico e de execución redactado en abril de 2023, por Gabriel Alarcón Sabarís, Miguel Estévez Gómez e Luciano González Domínguez.*

*Nas Bases Reguladoras da Convocatoria do Programa PON2030, este proxecto encádrase nos definidos como actuacións tipo 3:*

*“Recuperación, mellora, urbanización ou reurbanización de espazos públicos co o obxectivo de darlles un uso plural, amable, e de fomentar a estancia e as mobilidades alternativas, na liña do cumprimento dos Principios Ágora, establecidos pola Deputación de Pontevedra na Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público”.*





*A actuación tenta cumprir principalmente dous obxectivos. Por unha banda darlle un maior protagonismo ao peón e usuario dunha maneira universal, garantindo a súa mobilidade ao longo de todo o ámbito de actuación. E por outro, volver a un estado histórico previo, nun proceso claro de renaturalización e posta en valor da paisaxe que rodea e conforma a área do proxecto (Ría de Pontevedra principalmente, e a súa indubidable beleza). Neste sentido elimínase a actuación existente, tan intrusiva e forzada, e que foi convertendo esta zona do pobo nunha de tipo residual, á que apenas se lle dá uso.*

*Por iso, dentro dos obxectivos principais do presente proxecto atópase o de eliminar, na medida do posible as barreiras arquitectónicas, visuais e ambientais presentes, polo que se opta por desmantelar parte do gran muro de contención actual (ata onde permite a delimitación marítimo-terrestre) co fin de re-naturalizar e descontaminar a fronte costeira e, en consecuencia, de mellorar paisaxísticamente e funcionalmente a conexión do núcleo co mar.*

*Para iso, ademais de demoler o muro e tratar de recuperar o territorio e paisaxe previo mediante un traballo de reconstrución da topografía en detalle, inclúranse novas especies arbóreas autóctonas (piñeiro atlántico).*

*A configuración do espazo actual está moi limitada pola procura dunha funcionalidade propia dunha vía de comunicación intermedia entre dous puntos, “A capela de San Roque” e o miradoiro de “A Peixeira”, permitindo igualmente a conexión entre a parte alta do núcleo tradicional de Portonovo coa praia de Caneliñas. Realmente non se entende como un espazo público en si mesmo, se non como unha zona de tránsito con “posibilidade de sentar”, pero sen un uso libre propiamente devandito. O espazo atópase atravesado polo vial da Avda. de Pontevedra, con certa entidade en canto ao tránsito de vehículos, pero sen elementos de acougado de tráfico, o que supón unha evidente violencia viaria respecto a os peóns, que ven reducida irremediabilmente a súa seguridade.*

*A intención é que a zona da capela e a fronte marítima reconecten coa súa orixe, converténdose nun espazo de convivencia e socialización de forma integral, recuperado e revalorizado, converténdose nun novo eixo de actividade do núcleo.*

*A vista O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria urxente do día 23 de xuño de 2023 acordou conceder unha subvención de importe 792.430,22€ para o financiamento desta actuación, cuxo importe total ascende a 990.537,77€, resultando unha achega do Concello de 198.107,55€.*

*Esta subvención concédese con suxeición ás seguintes condicións:*





- a) *Tras a resolución definitiva asinarase un convenio co concello beneficiario, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes. Á data da presente memoria xustificativa da necesidade do contrato está pendente de sinatura o convenio, que foi aprobado por resolución da alcaldía de data 04 de agosto de 2023.*
- b) *A subvención concédese para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.*
- c) *O beneficiario deberán posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras. Previa aprobación do proxecto técnico das obras, mediante resolución da alcaldía de data 21 de abril de 2023, foron outorgadas todos os permisos sectoriais preceptivos (Costas da Xunta e do Estado e Patrimonio da Xunta).*
- d) *O beneficiario deberá ter executadas na súa totalidade as actuacións para as que se conceden as axudas a 30/04/2025. Así mesmo, deberá xustificalas no prazo de cinco meses desde a súa finalización (marcada pola data máxima da certificación final ordinaria) sen exceder, en todo caso, o 30/09/2025. O incumprimento destas obrigas dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.*
- e) *A licitación, execución e xustificación deste investimento correspóndelle ao concello beneficiario, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.*
- f) *Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.*

*Á vista dos antecedentes expostos e o obxecto das obras enunciadas enténdese xustificada a necesidade da celebración do contrato para cumprir coa finalidade do subvención concedida, resultando idónea a súa*





*adxudicación por procedemento aberto, regulado nos artigos 154 e seguintes, e por tramitación ordinaria, non sendo preciso unha tramitación de urxencia, dado que para executar obra e xustificala, de acordo cos prazos fixados pola Deputación, o prazo remata o 30/04/2025 e o 30/09/2025, respectivamente e o prazo de execución, de acordo co recollido no proxecto técnico, é de cinco meses.*

*Todo o que se fai constar aos efectos do artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, referente á necesidade e idoneidade do contrato, debéndose incorporar a presente memoria no expediente de contratación.””””*

En aras do disposto no artigo 236 da LCSP é replanteado o proxecto, asinándose o 21 de abril de 2023 acta de repanteo, comprobándose a realidade xeométrica das obras proxectadas, a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución e cantos supostos figuran no proxecto técnico aprobado e que son básicos para a execución do investimento. (Figura no expediente da subvención, 6628/2023, Anexo V – Acta de trazado previo, do Programa Provincial PON2030, cumprindo co disposto nas súas Bases Reguladoras).

En xullo de 2023 efectúase a xeración do crédito correspondente á subvención da Deputación (792.430,22€) e retense o crédito polo achega municipal (198.107,55€).

Esta subvención concédese, tal como se indica na memoria xustificativa da finalidade e idoneidade do contrato, antes transcrita, con suxeición a que tras a resolución definitiva sexa asinado entre as partes un convenio, no que se definirán as actuacións obxecto da subvención e se establezan de maneira pormenorizada os deberes de cada administración. Este convenio é asinado o 21 de novembro de 2023.

As autorizacións sectoriais favorables dos organismos afectados pola actuación, no momento presente, xaneiro de 2024, seguen vixentes. Non obstante, antes do inicio das obras, o Concello deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico, asinado por técnico competente, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Á vista dos antecedentes expostos, esta alcaldía no uso das súas atribucións, **resolve:**

**1º) Incoar o expediente para a contratación das obras denominadas “Mirador da Peixeira e conexión co Campo de San Roque (Portonovo)” actuación ao abeiro do programa PON20230 da Deputación Provincial de Pontevedra, cun orzamento de execución por contrata co IVE de novecentos noventa mil cincocentos trinta e sete euros con setenta e sete céntimos (990.537,77 euros) e un prazo para a correcta execución dos**





**traballos de cinco (5) meses, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria.**

**2º) Elaborar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e a emisión dos correspondentes informes.**

En Sanxenxo, na data consignada na sinatura electrónica  
O alcalde, Telmo Martín González  
O secretario xeral, Ángel Luís López Pita

(DOCUMENTO CON SINATURA ELECTRÓNICA)

